



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO “SERVIZO DE REDACCIÓN DO PXOM E ACTUALIZACIÓN CARTOGRÁFICA DE VIGO”

ASISTENTES:

Presidente: Carlos López Font, Concelleiro delegado de seguridade e mobilidade.

Vocais: Jose Carlos Riesgo Boluda, Secretario da Xerencia Municipal de Vigo.
Olga Gómez Corbal, Interventora adxunta do Concello de Vigo.
Elena Ares Salgado, Técnica de Admón. Xeral dos servizos centrais da Xerencia de Urbanismo.
Juan González Ramírez, xefe dos servizos centrais da Xerencia Municipal de Urbanismo.
Antonio Alonso Fernández, arquitecto xefe da área técnica da Xerencia Municipal de Urbanismo.
Belén Picos García, xefa do servizo de planificación urbanística da Xunta de Galicia.

Secretaria: Laura Navaza Fernández, administrativa dos servizos centrais.

DATA: 6 de setembro de 2018.

HORA DA CONVOCATORIA: 10 horas.

OBXECTO: Aprobación da acta da sesión anterior e apertura en acto público do sobre “C” (ofertas avaliadas mediante fórmula) dos lotes 1 e 2 da citada licitación.

LUGAR: sala de xuntas da Xerencia Municipal de Urbanismo.

Sendo as 10.10 horas estando presentes os membros da Mesa de Contratación arriba sinalados, existindo quorum suficiente, iníciase a reunión polo Presidente da mesma.

1. APROBACION DA ACTA ANTERIOR

Apróbase por maioría o acta da sesión de data 30 de agosto de 2018, coa abstención de Antonio Alonso Fernández e Olga Gómez Corbal, por non estar presentes na sesión do día 30 de agosto.

2. APERTURA EN ACTO PÚBLICO DO SOBRE “C” (OFERTAS AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULA) DOS LOTES 1 E 2 DA CITADA LICITACIÓN.

Procédese ao chamamento á sesión de cantas persoas estiveran interesadas en asistir á mesma. Non asiste nin se presenta para asistir ao presente acto ningún/ha licitador/a nin persoa interesada.

A continuación procédese á apertura dos **sobres “C” do Lote 1 (Cartografía)** presentados polos/as licitadores/as, co seguinte resultado, unha vez aplicadas as fórmulas establecidas polo Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) para a valoración de ofertas e para o cálculo das ofertas anormalmente baixas:



CONCELLO DE VIGO
XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
Servizos Centrais

Expediente: 10681/407

AVALIACION OFERTAS LOTE 1 CARTOGRAFIA (Expediente 10681/407)

[Cláusula 18: Algunha baixa é > 10% da media].

Presuposto base de licitación = 387.200,00 €
Puntuación máxima = 20,00

	SOBRE "B"	SOBRE "C"		
	Puntuación	Prezo ofertado	BAIXA	% BAIXA
Estudio Cartográfico Gea S.A.	25,80	247.808,00 €	139.392,00 €	36,00%
Informática El Corte Inglés S.A.	54,00	277.856,61 €	109.343,39 €	28,24%
Seresco S.A.	27,50	279.080,99 €	108.119,01 €	27,92%
UTE Services Research & Mapping consulting SL-Nucleo Galicia SL	27,80	290.400,00 €	96.800,00 €	25,00%
UTE Eptisa Tecnologías de la Información e Dotgis Corporation	32,80	290.400,00 €	96.800,00 €	25,00%
UTE Telespazio-Edef	40,00	303.177,60 €	84.022,40 €	21,70%
UTE SIXTEMA-COMPASS	41,10	309.760,00 €	77.440,00 €	20,00%
Hemav Technology, S.L.	25,50	313.632,00 €	73.568,00 €	19,00%
Centro de Observacion y Teledetección Espacial SA	17,60	329.120,00 €	58.080,00 €	15,00%
UTE Insitu-TCA-Tracasa	63,00	335.005,44 €	52.194,56 €	13,48%
Geograma SL	80,00	348.359,00 €	38.841,00 €	10,03%

*SON 11 OFERTAS. Baja media: excluimos las dos que contengan el valor más alto de la baja Y el valor más bajo de la baja

Baixa media	% BAIXA
80.878,00 €	20,89%
	MAYOR QUE 30,89%

Baixas susceptibles de ser consideradas desproporcionais ou anormais: MAYOR QUE

Á vista de dito resultado, e ao abeiro do establecido polo apartado 2 da cláusula 18 do PCAP, a mesa, por unanimidade dos asistentes acorda requerir á seguinte empresa do Lote 1 (cartografía) para que xustifique a valoración da súa oferta e precise as súas condicións de acordo co establecido polo art. 149 da LCSP, por canto a súa oferta resulta anormalmente baixa segundo a fórmula do PCAP:

- Estudio Cartográfico Gea SA

A continuación procédese á apertura dos sobres "C" do Lote 2 (PXOM) presentados polos/as licitadores/as.

Analizada en primeiro lugar a documentación relativa á experiencia profesional, a mesa por unanimidade acorda requirir aos/as licitadores/as que indiquen, mediante unha declaración responsable, o traballo realizado pola persoa indicada como directora e coordinadora do equipo redactor para acreditar a solvencia técnica e profesional (*Punto 5.B das FEC "...deberá acreditar ter realizado, nos últimos 10 anos, en calidade de coordinador/responsable dun equipo, unha (1) primeira formulación ou revisión total dun PXOM ou NNSS relativos a municipios de máis de 5.000 habitantes e que na data de presentación das proposicións acadaran a aprobación inicial ou provisional ou a aprobación definitiva. Neste punto non se admitirán como tais as revisións parciais ou modificacións puntuais."*) A acreditación de dita experiencia será requirida en posteriores trámites.

A mesa acorda por unanimidade que a documentación relativa á experiencia profesional será valorada na seguinte mesa que celebre, unha vez achegada a declaración responsable esixida. O modelo de declaración responsable será o seguinte:

DECLARACIÓN RESPONSABLE- SOLVENCIA TÉCNICA E PROFESIONAL

Nome da empresa entidade licitadora.	ou	Nome e apelidos da persoa directora e coordinadora.	Titulación da persoa directora e coordinadora do equipo redactor.	Experiencia alegada a efectos de acreditar a solvencia técnica e profesional da persoa directora e coordinadora do equipo redactor.	NÚM. DNI/PASAPORTE/NIE da persoa directora e coordinadora.

Data, nome e sinatura do/a licitador/a,



CONCELLO DE VIGO
XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
Servizos Centrais

Expediente: 10681/407

A continuación procédese á apertura dos da oferta económica dos sobres "C" do Lote 2 (PXOM) presentados polos/as licitadores/as, co seguinte resultado, unha vez aplicadas as fórmulas establecidas polo Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) para a valoración de ofertas e para o cálculo das ofertas anormalmente baixas:

AVALIACION OFERTAS LOTE 2 PXOM (Expediente 10681/407)

[Cláusula 18: Algunha baixa é > 10% da media]

Presuposto base de licitación = 2.383.590,13 €
Puntuación máxima = 15,00

	SOBRE "B"		SOBRE "C"	
	Puntuación	Prezo ofertado	BAIXA	% BAIXA
UTE Urbanismo digital vigo,	41,80	1.787.692,59 €	595.897,54 €	25,00%
UTE Víctor García Oviedo-BCN Agencia d'ecología urbana de Barcelona	56,80	2.025.539,98 €	358.050,15 €	15,02%
Calixto Escariz, S.L.	34,30	2.049.887,60 €	333.702,53 €	14,00%
Oficina de Planeamiento, S.A. e SEPIA Técnicos, S.L.	64,00	2.057.000,00 €	326.590,13 €	13,70%
Estudio Técnico Gallego, S.A.	47,60	2.123.550,00 €	260.040,13 €	10,91%

*SON 5 OFERTAS. Baja media: excluimos la que contenga el valor más alto de la baja.

Baixa media	% BAIXA
319.595,74 €	13,41%
Baixas susceptibles de ser consideradas desproporcionais ou anormais: MAYOR QUE	
	23,41%

Á vista de dito resultado, e ao abeiro do establecido polo apartado 2 da cláusula 18 do PCAP, a mesa, por unanimidade dos asistentes acorda requerir á seguinte empresa do Lote 2 (PXOM) para que xustifique a valoración da súa oferta e precise as súas condicións de acordo co establecido polo art. 149 da LCSP, por canto a súa oferta resulta anormalmente baixa segundo a fórmula do PCAP:

- UTE Urbanismo Digital Vigo

Á vista do dito resultado, levántase á sesión da mesma ás 10.35h.

O PRESIDENTE

A SECRETARIA DA MESA

VOGAIS